

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES O Ribeiro

CURSO: 2ª BACHARELATO

MATERIA: LINGUA GALEGA e LITERATURA

DEPARTAMENTO: Dpto. LINGUA GALEGA e LITERATURA

DATA: 15 maio 2020

PROFESORA: Mª Isabel Gil Cacheiro

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.1.3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas controvertidos do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.3.2. Adecoa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.3.4. Organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.6. Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.6.2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e función sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos.</li> </ul>

# 1. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

## 1.1 Procedementos e instrumentos de avaliación

Durante este terceiro trimestre traballaranse os contidos prácticos vistos na 1ª e na 2ª avaliacións (comentario de texto, morfosintaxe, semántica, fonética....) e introduciranse os contidos que faltaban por ver (intencionalidade do texto, valores da partícula QUE, a oración composta e variedades diastráticas e diafásicas).

Polo que respecta aos temas teóricos de sociolingüística e literatura serán traballados polo alumno.

Neste curso reforzamos tódolos contidos con vistas ás probas ABAU.

Segundo isto, prestarase especial atención a:

- Presentación dos exercicios, actividades... requeridos polo profesor e dentro do prazo establecido, o que revela interese pola materia e participación activa nas tarefas do 3º trimestre.
- Corrección no uso da lingua.
- Produción correcta de textos escritos.
- Corrección e xusteza dos contidos.

Nesta 3ª avaliación prescindirase dos libros de lectura optativo.

## 1.2 Cualificación final

A cualificación final basearase na media das dúas primeiras avaliacións presenciais (xa que supoñen un 67% do total do curso). O alumno deberá ter unha nota media entre as dúas igual ou superior a 4´5 para aprobar.

A 3ª avaliación sumará á nota media ata 1 punto, segundo os parámetros expostos no punto 1.1.

Será requisito indispensable ter entregados os exercicios deste 3º trimestre na súa totalidade ou nunha porcentaxe elevada (80%) . O contrario, será considerado abandono da materia.

Así mesmo, as tarefas deben estar entregadas dentro do prazo establecido para sumar e dentro dos parámetros do punto !! de avaliación e cualificación.

Non optarán á media aqueles alumnos con menos de 3 nos exames .

Cando o/a alumno/a aprobado/a obteña de media en calquera avaliación unha cualificación decimal superior a 0,5 poderase redondear á alza, sempre que demostre interese pola materia, participación activa e realizase os traballos propostos.

No caso das recuperacións feitas tomarase en conta para a nota media a cualificación máis alta.

Polo que respecta á recuperación sen facer da 2ª avaliación os alumnos deberán facer unha proba telemática dos contidos desta avaliación cun tempo e unhas normas estipulados. A cualificación desta recuperación será APTO/NON APTO.

Para os alumnos que non superen a materia nas probas ordinarias haberá un exame final telemático de toda a materia onde o alumno deberá obter un 5 para aprobar.

### **1.3 Proba extraordinaria de setembro**

Dependo da situación sanitaria as probas extraordinarias de setembro poderanse realizar de xeito presencial ou telemático (con exercicios e probas elaboradas para tal efecto).

En calquera caso, a avaliación extraordinaria consistirá nunha proba global de toda a materia dada. Para aprobar será necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 no exame presencial da materia ou, de ser o caso, nas probas telemáticas.

## 1.4 Alumnado coa materia pendente.

Non hai alumnos coa materia pendente.

## 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

### 2.1. ACTIVIDADES

#### 2.1.1. Actividades de recuperación, repaso, reforzo

Estas son as actividades propostas aos alumnos ata o día 11 maio.

DATA	ACTIVIDADES
13 marzo- 23 marzo	<ul style="list-style-type: none"><li>• Exame ABAU setembro 2010 Opción A</li><li>• Exame ABAU xuño 2012 Opción A</li><li>• Exame ABAU xuño 2017 Opción A</li></ul>

<p>14 marzo- 7 abril</p>	<p>EXERCICIOS LIBRO TEXTO</p> <p>FONÉTICA: páx. 13, ex. 4</p> <p>DIALECTOLOXÍA: páx. 37, Texto 2</p> <p>ESTRUTURA PALABRA: páx. 42, ex.1 e 4</p> <p>DESVÍOS LÉXICOS: páx. 47, ex. 19 e 20</p> <p>PERÍFRASES: páx. 58, ex. 22 Texto B</p> <p>PRONOME PERSOAL: páx. 60, ex. 27, 28 e 30 / páx. 61, ex. 31</p> <p>VERBO: páx. 61, ex. 32, 33 e 37</p> <p>SINTAXE: páx. 72, ex. 2</p> <p>ORACIÓNS IMPERSOAIS: páx. 74, ex. 5, 6</p> <p>INTERFERENCIAS: páx. 117, ex. 5</p>
<p>8 abril – 13 abril</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ficha participio</li> <li>• Ficha pronome persoal</li> </ul>
<p>13 abril – 17 abril</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estrutura do texto</li> <li>• Resumo do texto</li> <li>• Valores QUE Ficha 1</li> </ul>

20 abril – 24 abril	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ficha 2: comparación, fonética, estrutura da palabra, estrutura do verbo</li> <li>• Ficha 3: verbo, verbo con alternancia, perífrase verbal e complexo verbal e infinitivo conxugado</li> </ul>
27 abril – 1 maio	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ficha 4: oración composta</li> <li>• Ficha 5: Valores QUE Ficha 2</li> </ul>
4 maio- 8 maio	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Modelo ABAU 2020</li> </ul>
11 maio- 15 maio	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ficha semántica</li> </ul>

## 2.2. METODOLOXÍA (alumnado con conectividade e sen conectividade)

A metodoloxía será participativa e activa. Consistirá nas tarefas indicadas polo profesor e na práctica mediante exercicios escritos.

As actividades están dirixidas a todo o alumnado coas avaliacións superadas ou non, xa que cumpren a dobre función de repaso e reforzo ou ampliación dos contidos de todo o curso.

As tarefas envíanse o luns (2 fichas por semana) e deben ser entregadas o venres desa mesma semana antes das 8 da tarde.

O luns seguinte a profesora envía as correccións colectivas ou individuais (como é o caso dos comentarios críticos ou respostas abertas)

Todas as tarefas son corrixiadas pola profesora para constatar que se cumpren os criterios de avaliación especificados nos epígrafes 1.1 e 1.2.

A profesora envía tamén explicacións teóricas dos novos contidos ou aquelas que, a maiores, son requeridas polos alumnos para resolveren dúbidas.



## **2.3. MATERIAIS e RECURSOS**

- Lingua Galega e Literatura 2 A, Nieto Pazó, X. Troitiño Fraiz ISBN 978-84-678-2805-4 Anaya
- Caderno do alumno (no que se recollen as tarefas feitas durante as dúas primeiras avaliacións)
- Apuntamentos enviados pola profesora.
- Páxinas web indicadas polo profesor ou que o alumno considere.

## **3. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

### **3. 1.Información ao alumnado e ás familias**

O profesor traballa cos alumnos mediante e-mail e grupos de whatsApp con cada grupo de clase.  
A comunicación coas familias realízase mediante os mesmos medios.

### **3.2. Publicidade**

Esta adaptación da programación publicarase na web do centro